

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE ABRIL DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catorce de abril de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 3, 10, 17, 24 e 31 de marzo de 2021.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBRNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado contratación da obra contratación da obra “demoliciones y renovacion de servicios y peatonalizacion de la rúa Pintor Luis Seoane de Lugo” e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2021C002-000007.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos de Galicia contra o prego de clausulas administrativas particulares da contratación do servizo da dirección de obra, dirección de execución material e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de prolongación del paso subterráneo bajo la N-VI incluído no programa operativo feder orde Hap/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80%. exp. ref.2020-C003-000073.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra proxecto de humanización do entorno da igrexa e ascensor do Sagrado Corazón. exp. ref. 2020-C002-000050.

Así mesmo acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra demolición de las antiguas edificaciones existentes y acondicionamiento de terrenos en el ámbito de NRF de a Croa e a

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac8573115643857441717.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-4-2021

apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2020-C002-000003.

2. PERSOAL.- Acórdase a modificación do acordo 15/15 "modificación do acordo 17/339 aprobación das bases que rexerán o concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para xefes de servizo".

Tamén se acorda a rectificación do acordo 1/141 de aprobación das bases da convocatoria do proceso de preselección mediante concurso dun posto de traballo de técnico medio de orientación profesional por substitución laboral por baixa de maternidade subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para cambios de distribución, en fachadas e cuberta como modificacións en execución de rehabilitación de edificio existente composto de planta baixa, unha planta alta e baixo cuberta para unha vivenda, con licenza 864/2015, sita na rúa Celestino Fernández de la Vega, número 20. (expte: 2020/Y001/000299); para modificacións en execución de obra da vivenda unifamiliar, con licenza 475/18, no núcleo rural tradicional de seivane, parroquia de San Xoán de Tirimol (expte: 2020/Y001/000162) e para construción dunha instalación de distribución a polo miúdo de produtos petrolíferos, en réxime desatendido, con dous surtidores que contan cada un con dous dispensadores para gasóleo e dous para gasolina 95, como ampliación de actividade existente de almacén e venda de mobles, na avda. Benigno Rivera, número 29. (expte: 2020Yy001/000334).

Tamén se acorda a desestimación do recurso potestativo de reposición interposto, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de novembro de 2020, en relación coa licenza urbanística para legalización da edificación de planta baixa e planta primeira, distribuída en catro locais en planta baixa, un sen actividade definida e tres de actividade comercial, e un local para oficinas independentes e unha vivenda en planta primeira, da estrada da Coruña, números 60-62 (expte: 118/19) .

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.